



TEMA 1.- ARTE GREGA: COMENTARIO DO TEMPLO DE ATENEA NIKÉ OU NIKÉ ÁPTERA

a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: o Templo de Atenea Niké ou Niké Áptera é un edificio relixioso da arte grega realizado na Época Clásica, no século V a.C., coñecido como "Século de Ouro" ou "Século de Pericles". Autor: Calícrates (un dos arquitectos do Partenón). Localización: Acrópole de Atenas (Grecia). Construíuse aproveitando unha elevación do terreo situada diante dos propileos¹, polo que Calícrates tivo que adaptarse a ese espazo tan pequeno. Material: mármore traído das canceiras do Pentélico. Orixinalmente estaba policromado.

c.- Analiza e comenta a obra: o templo é a construción fundamental da arquitectura grega. O templo de de Atenea Niké está dedicado a Atenea vitoriosa (niké=vitoria). Coñecido tamén como Niké Áptera (Vitoria sen ás) porque na súa naos tiña unha imaxe de Atenea en madeira representada como unha niké con ás (vitoria alada) á que lle cortaron as ás para que nunca puidese abandonar a cidade. Segundo a mitoloxía grega, Atenea era a deusa da guerra, da sabedoría e das artes. Ademais do seu carácter relixioso, a función principal deste edificio é conmemorativa. O templo conmemora a vitoria dos atenienses sobre os persas nas Guerras Médicas.

Observamos un edificio cunha planta rectangular na que se diferencian dúas salas. En primeiro lugar temos a pronaos ou pórtico de acceso ao templo e a continuación a naos cadrada (de moi pequenas dimensións), onde se colocou a estatua da deusa.




O templo levántase sobre escaleiras: os chanzos inferiores chámanse krepis ou estereóbata, e o superior, estilóbata. Os muros son de perpiaños unidos con grampas. As cubertas son arquitrabadas: os teitos no interior son alintelados e no exterior presenta un tellado a dúas augas, formando na parte dianteira e traseira un frontón triangular. Nas esquinas do tellado e nos tres ángulos dos frontóns colocábanse figuras de aspecto fantástico chamadas acroterios.

É un templo tetrástilo, xa que presenta catro columnas na fachada principal e posterior; e anfi-próstilo porque as columnas están situadas na parte frontal e posterior. A orde arquitectónica é a iónica: é máis naturalista, graciosa, refinada, elegante, lixeira e alta que a dórica. Presenta de abaixo arriba os elementos seguintes:

¹ Portas de entrada á Acrópole

- **Columna:** Base. formada por unhas molduras convexas chamadas toros e unhas molduras cóncavas situadas no medio dos toros chamadas escocias. Fuste: máis esvelto e alto que o dórico, percorrido verticalmente por estrías mortas (en torno a 24). Capitel: presenta formas inspiradas na natureza pois está decorado na parte central con ovas e nas laterais cunhas formas que se enroscan chamadas volutas. A columna xónica relaciónase co corpo feminino por iso ás veces se substitúe por figuras femininas chamadas cariátides.



- **Entaboamento**, dividido de abaixo arriba en: arquitraabe: viga dividida en tres bandas horizontais cada unha das cales sobresa e un pouco con respecto á inmediata inferior; friso: diferénciase do dórico en que é continuo e pode aparecer liso (sen decoración) ou decorado con relevos continuos (no Templo de Atenea Niké estaba decorado con alegorías que se refiren á deusa Atenea e aos deuses Zeus e Poseidón); cornixa: é igual que a dórica.

Arredor deste templo construíuse un muro que tamén estaba decorado con relevos entre os que destaca a Niké atándose a sandalia.



Niké atándose a sandalia

O templo grego era só a residencia da divindade, non un lugar de oración dos fieis; as cerimonia de culto en honor da divindade celebrábanse fóra do templo, de aí que o espazo interior non teña importancia: é unha arquitectura para ser contemplada desde o exterior. Se a isto lle engadimos que estaba feito a escala humana e no exterior estaba policromado con cores rechamantes (vermellas, azuis, douradas) e posuía diversa decoración, o templo invitaba ao espectador a rodealo como se fose unha escultura. Polo tanto, podemos afirmar que



os templos gregos máis que arquitecturas son enormes esculturas.

O templo de Atenea Niké presenta o tamaño ideal pois é de pequenas dimensións (4 metros de altura, 8 de longo e 5 de ancho), feito a escala humana. É un claro exemplo de perfección técnica, dos cánones e medidas ideais dos gregos, de proporción e racio-

nalidade. Por todo isto se di que é unha arquitectura harmoniosa e fermosa.